

**Integración da avaliación ambiental estratéxica SIMPLIFICADA
no procedemento de aprobación de instrumentos de ordenación do territorio**


- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

- Órgano ambiental
- Consellería tramitadora
- Consellería competente en materia de ordenación do territorio

AAE SIMPLIFICADA

ÁMBITO DE APLICACIÓN (art. 22.2 LOT):

- Plans territoriais especiais (PTE) e as súas modificacións
- Proxectos de interese autonómico (PIA) e as súas modificacións
- Modificacións menores doutros instrumentos de ordenación do territorio



☆ Inscripción no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia (art.60.3 e 61 Lei 1/2021)

(1) Cando se trate dunha **modificación considerada non substancial**, de acordo co sinalado no artigo 56 da LOT, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo dun mes (artigo 57.2).

(2) No caso de **proxectos de interese autonómico non previstos**, será necesaria, como requisito previo ao inicio do procedemento de aprobación, a declaración de interese autonómico da actuación que constitúa o seu obxecto (artigo 41 LOT).

(3) No caso de que o órgano ambiental determine que **o plan ten efectos ambientais significativos** formularase o documento de alcance e continuarase co procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica.

(4) Aprobación do Consello de Xunta mediante acordo (PIA) e decreto (demais IOT). No caso de tramitación simultánea nun único procedemento do IOT e da modificación do planeamento urbanístico, o decreto adoptado polo Consello da Xunta terá por obxecto a aprobación definitiva de ambos (art. 58.2 da LOT).